# O sector gandeiro galego fronte ao cambio climático (I)

## Impactos do Cambio Climático no sector gandeiro

O cambio climático ten efectos directos na produción gandeira e indirectos debido aos cambios na dispoñibilidade de forraxe e pastos. Estes impactos supoñen perdas de produción, aumento dos gastos e consecuentemente perdas económicas.

O aumento da temperatura provoca no gando aumento de mamite, pneumonías e diarreas, estrés nas vacas, polo que se dá un aumento do número de abortos, ausencia de celos ou aumento nos períodos entre partos, menor inxesta de alimentos e menor tempo de pastoreo, diminución da produción de leite e carne e enfermidades como a lingua azul, a febre hemorráxica Crimea-Congo (CCHFV) ou a gripe aviaria por ampliación do rango de distribución e da taxa de replicación dos insectos vectores destas patoloxías.

No próximo número exporanse as medidas de mitigación do cambio climático do sector gandeiro.



Stand “CAMBIAR O CAMBIO” na Feira Internacional Semana Verde de Silleda.



Asistentes á xornada xeral celebrada en Irixoa o 5 de xuño de Silleda.

Máis información na Ecoguía “O sector gandeiro galego fronte ao Cambio Climático” dispoñible na sección “Documentos” da web do proxecto.

## Actualidade da Campaña LIFE+ “CAMBIAR O CAMBIO”

A Campaña LIFE+ “Cambiar o cambio” informou e repartiu material divulgativo aos visitantes da Feira Internacional Semana Verde de Galicia celebrada do 11 ao 14 de xuño. No marco desta feira tamén se celebrou unha xornada técnica “O agricultor galego fronte ao cambio climático” á que asistiron maioritariamente técnicos agrarios.

Alumnos do colexio de Cambados.



Xa se celebraron tres xornadas “O agricultor galego fronte ao cambio climático” nos colexios de Vimianzo e Cambados e no instituto de Viana do Bolo. Os resultados son moi positivos, xa que os estudantes amosáronse satisfeitos coa xornada e a maioría deles confesa que mellorará os seus hábitos logo da información recibida. Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio

*"Coa contribución do instrumento financiero LIFE da Comunidade Europea".*
*Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.*